



Nota de prensa

Aposta pola acción solidaria

EROSKI E OS SEUS CLIENTES DOARON MÁIS DE 6.450 TONELADAS DE ALIMENTOS PARA FAMILIAS NECESITADAS O PASADO ANO

- Máis de 4.928 toneladas corresponden a alimentos doados por EROSKI dentro do programa “Desperdicio Cero”, que garante que nas tendas EROSKI non se desbota ningún alimento apto para o consumo, senón que se lles doa a organizacións sociais
- As campañas de doazóns solidarias desenvolvidas durante o ano a prol dos Bancos de Alimentos deron recadado máis de 1.523 toneladas de alimentos nos establecementos EROSKI

Elorrio, 7 de xaneiro do 2019.- [EROSKI](#) e mais os seus clientes doaron máis de 6.450 toneladas de alimentos destinados aos colectivos máis desfavorecidos durante o 2018. A cifra equivale ao consumo de alimentos de 4.089 familias ao longo do ano. Desta doazón, máis de 4.928 toneladas doounas EROSKI dentro do programa “Desperdicio Cero”, que garante que nas tendas EROSKI non se desbota ningún alimento apto para o consumo, senón que se lles doa a organizacións sociais da contorna próxima de cada tenda.

“Desde EROSKI coidamos que é fundamental contribuír entre todos a acadar unha sociedade máis xusta e cohesionada, un dos nosos obxectivos prioritarios dos nosos [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#). Fomos pioneiros dentro do noso sector en España en alcanzar o desperdicio cero en toda a nosa rede de supermercados e un ano máis a nosa colaboración cos Bancos de Alimentos supón unha excelente oportunidade de materializar este compromiso”, sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI colabora con [FESBAL](#) (Federación Española de Bancos de Alimentos) para desenvolver o programa “Desperdicio Cero”. *“Para os Bancos de Alimentos é fundamental a colaboración de empresas como EROSKI, que prestan a súa axuda en campañas especiais como a Gran Recollida e ao longo de todo o ano a través do programa de doazóns “Desperdicio Cero”. Unha vez máis, queremoslle agradecer a mostra do seu compromiso contra o malgasto de alimentos, misión que nos une a ambas as dúas organizacións”,* afirmou o director xeral da Federación Española de Bancos de Alimentos, D. Miguel Fernández.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



A cooperativa desenvolve un protocolo de actuación que vela escrupulosamente pola seguridade alimentaria dos produtos doados. No caso dos alimentos frescos, garante o mantemento adecuado da cadea de frío tamén na entidade receptora da doazón, que debe asegurar que cumpre as mesmas garantías no seu transporte e instalacións.

Dentro deste programa, todos os alimentos que doa EROSKI son produtos frescos e de alimentación que a cooperativa retira dos seus lineais para cumprir o seu compromiso de frescura máxima cos seus clientes, ou simplemente porque o seu envase presenta unha pequena deficiencia como pode ser un simple golpe ou rotura de embalaxe que impide a súa venda. Todos os alimentos que doa EROSKI están sempre dentro da data de caducidade ou de consumo preferente e en perfecto estado.

Máis de 1.500 toneladas de alimentos recadadas en campañas de recollida

Á cantidade de máis de 4.900 toneladas doadas a través deste programa de "Desperdicio Cero" súmanselle máis de 1.523 toneladas que se recadaron a través das distintas campañas de recollida, como a "Operación Quilo" ou "A Gran recollida". Esta última celebrouse o pasado decembro e participaron nela preto de 1.400 establecementos EROSKI, Vegalsa e Caprabo a prol de Bancos de Alimentos. *"Querémoslles dar as grazas aos nosos clientes, que unha vez máis se implicaron nesta causa solidaria, e aos Bancos de Alimentos, polo seu labor voluntario. Como é habitual, desde EROSKI quixémonos unir a este compromiso e sumar unha doazón adicional sobre o total de quilos doados polos consumidores"*, indicou Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI iniciou a súa colaboración cos Bancos de Alimentos en 1996 a proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social.

Posteriormente, EROSKI iniciou o seu programa de doazón de alimentos envasados próximos á súa data de consumo preferente pero aínda aptos para o seu consumo con total seguridade alimentaria. Hoxe este programa de EROSKI e os Bancos de Alimentos continúa vixente co compromiso "Desperdicio Cero" de non guindar ningún alimento que sexa apto para o consumo en toda a súa rede de hipermercados e supermercados.

Co inicio das primeiras consecuencias da crise económica, EROSKI e FESBAL estenderon este programa aos alimentos frescos, para o que cumpriu redefinir a loxística de doazón co fin de manter a cadea de frío e asegurar que os alimentos doados cheguen con total seguridade alimentaria aos seus destinatarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



A cooperativa foi recoñecida co " Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
ÉDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)